BIBLIOTECA ESCOLAR

O centro está no programa de Mellora de Bibliotecas financiado pola Consellería de Educación.

O responsable da biblioteca é a profesora Mª José Saco, a cal coordina o equipo de biblioteca formado por Javier Conde, Manuel Figueiras, Mº Sol Sánchez, Eusebio Fraga e Teresa Vázquez.

O equipo da biblioteca realizará dúas reunións semanais, e este ano deberá elaborar o **plan lector do centro**.

Neste curso o funcionamento da biblioteca está rexido por as novas normas aprobadas no Consello Escolar.

Todo o profesorado do centro pode reservar a biblioteca para utilizala como aula, ou ben o uso dos ordenadores. Para elo diporá dunhas táboas trimestrais ubicadas na porta da mesma.

Para os préstamos, tanto o profesorado coma o alumnado deberá dispoñer dun número de lector.

A bilioteca permanecerá aberta de luns a venres durante 21 períodos lectivos, ademais de todas as horas de lecer.

NOVIDADES LEXISLATIVAS

- ***LEI ORGÁNICA 2/2006, de 3 de maio, de Educación.*** (B.O.E. Nº 106, 4 de maio de 2006).

- ***Decreto 124/2007, do 28 de xuño, polo que se regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo***. (D.O.G. Nº 129, 29 de xuño de 2007).

- ***Decreto 130/2007, do 28 de xuño, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.*** (D.O.G. Nº 132, 29 de xuño de 2007).

- ***Decreto 133/2007, do 5 de xullo, polo que se regulan as ensinanzas da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.*** (D.O.G. Nº 136, 13 de xullo de 2007).

- ***Orde do 17 de xullo de 2007 pola que se regula a percepción da compoñente singular do complemento específico por función titorial e outras funcións docentes.*** (D.O.G. Nº 143, 24 de xullo de 2007).

- ***Orde do 17 de xullo de 2007 pola que se regula a relación laboral do profesorado de relixión e se ditan instrucións relativas á provisión de postos.*** (D.O.G. Nº 143, 24 de xullo de 2007).

- ***Orde do 30 de xullo de 2007 pola que se regulan os programas de diversificación curricular na educación secundaria obrigatoria.*** (D.O.G. Nº 161, 21 de agosto de 2007).

- ***Orde do 6 de setembro de 2007 pola que se desenvolve a implantación da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.*** (D.O.G. Nº 177, 12 de setembro de 2007).

BOLETÍN INFORMATIVO Nº 1

Outubro—2007

INSTITUTO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA

LAMA DAS QUENDAS DE CHANTADA

R.\ Alférez Baanante s/n
27500 - Chantada (Lugo)
Telf.: 982 440 551 – Fax: 982 440 912
e-mail: ies.lama.quendas@edu.xunta.es

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

XEFATURA DE ESTUDOS

Lémbrase a todo o profesorado que o día **11 de outubro** remata o prazo para entregar a declaración persoal de horario e a folla de actualización de datos persoais. Ese mesmo día remata o prazo para entregar a Carpeta informativa do Departamento e a programación (en soporte informático) por parte dos Xefes e Xefas de Departamento.

Todos os docentes que non vivan en Chantada deberían solicitar permiso para residir noutro concello.

Dende a Xefatura de Estudos comunicarase aos titores e titoras da E.S.O. que o vindeiro xoves **18 de outubro** recibiremos aos pais/nais dos/das nosos/as alumnos/as coa finalidade de explicarlles o funcionamento do centro. O calendario será o seguinte:

- ☞As 16'30 h. 1º e 2º de E.S.O.
- ☞As 17'30 h. 3º e 4º de E.S.O.

A **avaliación inicial** farase a partires do **22 de outubro** seguindo o calendario que se anunciará previamente.

Por último a Xefatura propón que as datas das avaliacións sexan as seguintes:

- ☞**1ª Avaliación**: 18, 19 e 20 de decembro de 2007.
- ☞**2ª Avaliación**: 11, 12 e 13 de marzo de 2008.
- ☞**3ª Avaliación**: 23, 24 e 25 de xuño de 2008.

A avaliación final de 2º de bacharelato rexerase polas datas que fixe a C.I.U.G.

ORGANIZACIÓN DOS RECURSOS MATERIAS

O centro dispón de numerosos medios materias e audiovisuais. Para a utilización destes medios existen unhas táboas trimestrais onde o profesorado deberá reservalos. A ubicación destas táboas é a seguinte:

- Sala de profesores:
  - Reserva salón actos.
  - Reserva televisións.
  - Reserva proxector transparencias.
- Porta laboratorio de Física: Reserva proxector.
- Armario aulas de bacharelato: Reserva proxector.

No referente ás aulas específicas o centro dispón de:

- Dúas aulas de informática.
- Laboratorio de idiomas.
- Aula de Debuxo.
- Laboratorios de Biología, Física e Química.
- Aula de Música.
- Aula de Tecnología.
- Pavillón.

Como regra xeral estas aulas deberán ser utilizadas exclusivamente polo profesorado correpondente a cada materia, agás as aulas de informática que pode ser solicitado. Neste último caso, o acceso será restrinxido unicamente ao profesor ou á profesora que o solicitou, debendo seguir unhas normas de uso para que as materias específicas destas aulas non teñan problemas á hora da súa impartición

TABOLEIRO DE AVISOS/ANUNCIOS

Os ordenadores que se encontran na sala de profesores e profesoras deberán ser utilizados principalmente para a xestión administrativa por parte dos titores e titoras. É importante que o profesorado recorde que os departamentos dispoñen de ordenadores para realizar as súas tarefas , tendo a biblioteca tamén 10 ordenadores a disposición do profesorado.

Durante as vindeiras datas levarase a cabo a implantación da nova aplicación de xestión académica e administrativa, **Xade**. Algunhas novidades que aporta esta nova versión son as seguintes:

- Acceso web á aplicación, o que permite que o profesorado e o persoal de xestión acceda desde calqueira pc, mesmo desde o seu domicilio.
- Adaptada ás novidades lexislativas que a implantación da Lei Orgánica da Educación (LOE) está a introducir no sistema educativo.
- Conta cunha única base de datos común e centralizada que aportar os historiais académicos do alumnado, os datos do profesorado, e outras informacións de destacada importancia para o traballo no día a día dos centros docentes.

Durante o comezo do curso comezou a renovación total da rede informática do centro polo que finalizada esta todas as aulas disporán de conexión a Internet. O equipo directivo pide disculpas das posibles molestias causadas durante os traballos.